

CRITERIOS DE SELECCIÓN DAS PERSOAS PARTICIPANTES NA ACTIVIDADE LUDOMEIS VERÁN 2023

Ante a dificultade que teñen moitas familias para conciliar, o Concello de Meis está a por en marcha a actividade LUDOMEIS VERÁN 2023, como unha medida de conciliación da vida familiar e laboral para o período estival xullo e agosto.

PERSOAS DESTINATARIAS:

Os destinatarios serán nenas e nenos de entre 3 e 12 anos de idade empadroadas/os no Concello de Meis e que os seus proxenitores/titores traballen tanto por conta propia ou allea e acrediten a situación laboral no período solicitado.

Dado a que o número de prazas é limitado e en caso de prazas vacantes nalgunha das quendas, terán prioridade as persoas solicitantes da actividade cumprindo a seguinte orde:

1. Os menores empadroados cuxos proxenitores traballen os dous.
2. Os menores non empadroados cuxos proxenitores traballen no Concello de Meis.
3. Os menores empadroados e que un dos seus proxenitores traballe.
4. Os menores non empadroados e que un dos seus proxenitores traballe no Concello de Meis.
5. Os menores non empadroados e que os dous proxenitores traballen.
6. Os menores que non cumpra os requisitos según orde de entrada de solicitudes presentadas en prazo e tempo. Se houberse máis solicitudes ca prazas coa mesma data de resitro de entrada, o desempate farase por sorteo.

TEMPORALIZACIÓN:

A actividade desenvolverase de Luns a Venres de 8:00 a 15:00 horas. Entrada de 8:00 a 10:00 e saída a partir das 13:30 horas do 3 de Xullo ata o 31 de Agosto.

INSCRICIÓNS E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

As solicitudes formalizaranse nos modelos normalizados que se facilitarán na oficina municipal de información xuvenil do Concello de Meis ou na paxina web do Concello de Meis: www.meis.gal.

Xunto co impreso de inscrición deberán achegar a seguinte documentación:

- ✓ Tarxeta sanitaria da/o menor.
- ✓ D.N.I de proxenitores ou titores legais.
- ✓ D.N.I dos menores.
- ✓ Libro de familia.
- ✓ Título de familia numerosa.
- ✓ Certificado de monoparentalidade.
- ✓ Certificado da empresa indicando horario dos meses solicitados e datas das vacacións 2023.
- ✓ Certificado acreditativo de autónomo.



PRESENTACION E PRAZO

A presentación realizarase no Rexistro Xeral do Concello de luns a venres horario de oficina ou a través da sede electrónica (<https://meis.sedelectronica.gal>).

O prazo para a presentación de solicitudes vai dende o 18 de maio ata o día 2 de xuño de 2023, ambos os dous incluídos.

CRITERIOS DE VALORCIÓN

A adxudicación das prazas realizarase da seguinte forma:

1. Por adxudicación directa, no caso de que a demanda non supere o número de prazas dispoñibles.
2. Seguindo os seguintes criterios, no suposto de que o número de solicitudes supere o número de prazas dispoñibles:

PUNTUACIÓN:

1. Por participar máis dun irmá: 1 punto
2. Por solicitar os meses de xullo e agosto: 2 puntos
3. Familia numerosa: 1 punto
4. Familia monoparental acreditativa: 1 punto
5. Discapacidade: 1 punto

Sumaranse todas as puntuacións, e aqueles que obteñan as puntuacións máis altas obterán praza na actividade “Ludomeis verán 2022” por orden de maior a menor puntuación.

No caso de igualdade de puntuacións entre varias solicitudes terase en conta en primeiro lugar que asistan dous ou máis irmáns. E no caso de que persista o empate terase en conta a orde de inscrición da solicitude no Rexistro de entrada.

PUBLICACIÓN DAS LISTAS DE ADMITIDOS/ AS

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase na páxina web do Concello de Meis <https://www.meis.gal> a relación de persoas admitidas e excluídas.

PREZO LUDOMEIS VERÁN:

Actividade	Prezo persoa
LUDOMEIS VERÁN (prezo xeral)	40,00 €/quincena
LUDOMEIS VERÁN (2 ou máis irmáns)	35,00€/quincena
LUDOMEIS VERÁN (familia numerosa)	30,00€/quincena



- No caso da realización de visitas que contemplen gastos de entradas, éstas serán sufragadas polas familias dos menores participantes.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE ESQUERDA NO DÍA DA DATA

